



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Prácticum 3	Código	750G02035	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	12
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Mosquera Fernandez, Abian	Correo electrónico	abian.mosquera.fernandez@udc.es	
Profesorado	Becerra Noal, Saleta Bernabeu Pena, Carolina Carballo Díaz, Juan Luis Garcia De Castro, Ricardo Gil Manso, Pedro Gonzalez Martin, M. Cristina López Martínez, Noemia Zeltia Martínez Vázquez, María Mosquera Fernandez, Abian Romero Soto, Manuel Souto Rey, Victoriano	Correo electrónico	saleta.becerra@udc.es carolina.bernabeu@udc.es juan.carballo1@udc.es ricardo.garcia.decastro@udc.es pedro.gil.manso@udc.es cristina.gmartin@udc.es zeltia.lopezm@udc.es maria.martinez.vazquez@udc.es abian.mosquera.fernandez@udc.es manuel.romero.soto@udc.es victoriano.souto.rey@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	Durante a realización do Prácticum 3 o alumno/a asume o último bloque das súas prácticas pre-profesionais. Estas prácticas desenvólvense na Clínica Universitaria de Podoloxía (CUP) e en Servizos clínicos do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol co fin de que o alumno/a incorpore á súa formación as competencias fundamentais e os valores profesionais para o exercicio da súa profesión. O bloque práctico supón unha participación activa do alumno/a en o proceso asistencial sempre baixo supervisión do profesorado. Durante as mesmas poderanse desenvolver outras actividades en forma de seminario ou sesións clínicas nas que se abordarán contidos e competencias relacionadas coa práctica clínica como o estudo e discusión de casos, interpretación de probas complementarias ou realización de informes. Antes do inicio das prácticas clínicas porase a disposición do alumno/a un anexo a esta guía na que se detallarán aspectos relacionados coa planificación, a metodoloxía e a avaliación da materia.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
O alumno/a integra e aplica na práctica clínica podolóxica os coñecementos adquiridos durante todos os seus estudos nas clínicas podolóxicas universitarias e centros acreditados.	A36 A60	B19	
Protocoliza e aplica o método clínico en podoloxía	A37		
Realiza a historia clínica podolóxica e rexistra a información obtida.	A38		
Desenvolve as técnicas de exploración física.	A39		
Desenvolve a habilidade de realizar as actividades radiolóxicas propias da podoloxía.	A40		
Interpreta os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso.	A41	B12	
Emite un diagnóstico e prognóstico.	A42		



Deseña o plan de intervención integral ou tratamento podolóxico.	A43 A62 A64		
Deseña plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular.	A44 A62		
Desenvolve a capacidade de establecer protocolos, executalos e avalialos.	A45	B4 B17	
Desenvolve a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos.	A46		
Desenvolve as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Establece intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde.	A47		
Aplica as medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia.	A48 A49	B7 B21	C1
Prescribe, administra e aplica tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos.	A50		
Elabora e interpreta informes clínicos.	A51	B7 B12	
Avalía os resultados obtidos do proceso de atención podolóxica.	A52	B14	C4
Adquirir capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía.	A53	B11 B12 B16	
Manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes.		B1 B3 B14	C6
Garante a calidade asistencial na práctica da podoloxía.	A55	B6	C4 C6
O alumno/a é capaz de seleccionar información, analizala e avaliala para redactar, expor e defender un informe científico.		B2 B18	C3
Coñecer e obter habilidades na aplicación das técnicas podolóxicas de cirurxía ungueal, de cirurxía podolóxica de partes brandas, de cirurxía ósea e articular do pé.	A33 A54		C7 C8
	A33 A35 A54		C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>Na materia Prácticum 3 o alumno/a aplica os coñecementos teóricos adquiridos nas diferentes materias do título á práctica clínica, garantindo un proceso integral de atención podolóxica ao paciente que inclúa todos os aspectos clínicos, documentais e legais. Por iso, todos os contidos teóricos e teórico-prácticos da titulación impartidos ata o 2º cuatrimestre do 4º curso de grao así como os impartidos simultaneamente son relevantes para a práctica clínica e de obrigado coñecemento, feito que debe ser tido en conta polo alumno/a efectos de que o seu coñecemento e actualización serán elementais para poder desenvolver as prácticas clínicas e garantir a adquisición das competencias formando parte da avaliación continua e final da práctica clínica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Método clínico en podoloxía. -Historia clínica podolóxica: rexistro da información obtida. -Técnicas de exploración física. -Actividades radiolóxicas propias da podoloxía. -Probas complementarias e a racionalización do seu uso. -Diagnóstico e prognóstico. -Plan de intervención integral ou tratamento podolóxico. -Plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular. -Protocolos: execución e avaliación. -Uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos. -Medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia. -Habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. -Intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde. -Prescrición, administración e aplicación tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos. -Elaboración e interpretación de informes clínicos. -Avaliación dos resultados obtidos do proceso de atención podolóxica. -Capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía. -Actualización dos coñecementos, habilidades e actitudes. -Calidade asistencial na práctica da podoloxía. -Utilización elementos de documentación, estatística, informática e os métodos xerais de análises epidemiolóxicas
---	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	A33 A36 A37 A38 A39 A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A50 A51 A52 A53 A55 A60 A62 A64 B2 B3 B4 B6 B7 B11 B14 B16 B17 B18 B19 B21 C1	240	0	240
Portafolios do alumno	A49 B1 B12 C3 C4 C6 C7 C8	0	50	50
Proba obxectiva	A62 A60 A55 A54 A53 A52 A51 A50 A49 A48 A47 A46 A45 A44 A43 A42 A41 A40 A39 A38 A37 A36 A35 A64	2	6	8
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



<p>Prácticas clínicas</p>	<p>As prácticas clínicas consisten na participación gradual e supervisada do alumno no proceso de atención podolóxica integral cos pacientes reais que sexan atendidos polos diferentes servizos da Clínica Universitaria de Podoloxía e as prácticas externas nos servizos do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol. O alumno participará de forma activa, sempre baixo supervisión, en todo o proceso de atención clínica: a xestión de datos clínicos; a exploración física e a xestión de probas complementarias e interpretación das mesmas; o diagnóstico, a prescrición, indicación, obtención e/ou aplicación dos diferentes tratamentos, así como o seguimento das afeccións tratadas e a súa evolución. Do mesmo xeito participará de forma activa nas sesións clínicas dos servizos. A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria.</p> <p>A ausencia a prácticas só estará xustificada no caso de producirse algunha das seguintes causas (recollidas no artigo 12 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario, aprobada polo Consello de Goberno da UDC), debidamente acreditada (con xustificante con data do mesmo día da ausencia que deberá de ser entregado antes de pasados 3 días da ausencia na administración da CUP), enfermidade ou lesión que incapacite para a realización da práctica, falecemento dun familiar ata o segundo grao, citación xudicial que coincida coa data da práctica, asistencia a unha sesión do Claustro ou do Consello de Goberno da UDC que coincida coa data da práctica, o/a estudante terá dereito a non recuperala ata un máximo de 3 prácticas. Cada ausencia xustificada adicional penalizárase con -0,25 puntos na avaliación contínua no servizo no que se ausentase. Un número maior a 8 de faltas xustificadas ou a existencia de faltas inxustificadas suporá o suspenso da materia.</p> <p>Calquera suposto que se presente no límite da presente norma poderá ser revisado polo conxunto de profesorado do Prácticum para o curso en vigor, debendo adoptar unha resolución por unanimidade e a condición de que o alumno/a demostrase a adquisición das competencias superando os requisitos de avaliación previstos para o Prácticum 3.</p> <p>A fin de permitir a formación complementaria do alumno dentro das mesmas tamén poderán recoñecerse como tales prácticas a asistencia a actividades de relevancia e interese para a titulación. Da participación en tales actividades deberase de entregar o certificado de asistencia antes de que pasen 3 días desde a súa celebración e comunicando a intención de asistir con polo menos 10 días de antelación ao profesor que lle corresponda impartir a docencia ese día e ao coordinador da materia. Entre estas actividades das que se poden recoñecer un máximo de 4 ausencias a prácticas son</p> <ul style="list-style-type: none">-Congreso nacional de Podoloxía-Xornadas galegas de Podoloxía-Congresos internacionais de Podoloxía-Congreso de estudantes de Podoloxía-Outras actividades que poidan ser valoradas polos coordinador da materia <p>Todo o alumnado debe asistir a prácticas incorporándose ao grupo que lle foi asignado e dado que a asistencia é diaria non existe posibilidade de cambio de prácticas.</p> <p>Existirán follas de control de asistencia nas que o alumno/a debe de asinar ao entrar en prácticas no mostrador de administración (estarán dispoñibles de 16:00 a 16:15h). A firma é a garantía da asistencia do alumno/a a práctica polo que a ausencia desta poderase entender como unha falta á práctica clínica. Calquera falta xustificada debe de documentarse adecuadamente coa causa e datas do día e entregarse ao persoal de administración da CUP antes de pasados 10 días desde a ausencia. A puntualidade na asistencia a prácticas é de obrigado cumprimento polo que se rexistrará calquera hora de chegada posterior ás 16:15h. As faltas de puntualidade serán penalizadas podendo chegar a supor o suspenso da materia.</p> <p>Todo procedemento e tratamento será supervisado polo docente responsable de cada práctica. E tras a mesma será este quen estableza o prazo de próximas visitas e/ou revisións.</p> <p>Durante todas as prácticas o alumno/a deberá de levar pixama e calzado sanitario branco, así como bolígrafo e lentes de protección. Do mesmo xeito deberán de respectarse as normas da CUP (http://www.enfermeriaypodologia.com/podologia/cup/normas-cup/), a lexislación vixente e o Código Deontolóxico de Podoloxía muy especialmente en lo que al secreto profesional se refiere.</p>
---------------------------	---



Portafolios do alumno	Toda a información relativa á elaboración e avaliación do portafolio facilitarase no anexo á guía docente que se entregará ao alumno/ao día da presentación da materia
Proba obxectiva	<p>Realizarase un exame final individual no que se avaliará calquera das competencias a adquirir detalladas neste programa. Este exame será de carácter práctico-clínico avaliando tamén os coñecementos teóricos aplicados a práctica e será elaborado en consenso polo conxunto dos profesores que de cada Servizo da CUP. O tipo e planificación do exame detallarase polo menos 15 días antes á data oficial de exame aprobada en Xunta de Facultade.</p> <p>O exame constará de dous partes unha correspondente ao Servizo de Quiropodoloxía e Cirurxía e outra correspondente ao Servizo de Patoloxía mecánica e tratamentos físicos e ortopodolóxicos para superar o exame e a materia será necesario obter unha cualificación de aprobado en cada unha das partes.</p> <p>A porcentaxe global de cada apartado de probar obxectiva será: Exame de Quiropodoloxía e Cirurxía (20%); Exame de Patomecánica-Ortopodoloxía (20%)</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	<p>A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo co profesor de forma presencial ou virtual.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá a atención personalizada correspondente a cada actividade indicarase ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A62 A60 A55 A54 A53 A52 A51 A50 A49 A48 A47 A46 A45 A44 A43 A42 A41 A40 A39 A38 A37 A36 A35 A64	<p>Realizarase un exame final individual no que se avaliará calquera das competencias a adquirir detalladas neste programa. Este exame será de carácter práctico-clínico sen esquecer a base da aplicación da teoría á práctica e será elaborado en consenso polo conxunto dos profesores que de cada Servizo da CUP. O tipo e a planificación do exame detallarase polo menos 15 días antes á data de exame.</p> <p>O exame constará de dous partes unha correspondente ao Servizo de Quiropodoloxía e Cirurxía e outra correspondente ao Servizo de Patoloxía mecánica e tratamentos físicos e ortopodolóxicos para superar o exame e a materia será necesario obter unha cualificación de aprobado en cada unha das partes.</p> <p>A porcentaxe global de cada apartado de probar obxectiva será: Exame de Quiropodoloxía e Cirurxía (20%); Exame de Patomecánica-Ortopodoloxía (20%)</p>	40



Prácticas clínicas	A33 A36 A37 A38 A39 A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A50 A51 A52 A53 A55 A60 A62 A64 B2 B3 B4 B6 B7 B11 B14 B16 B17 B18 B19 B21 C1	<p>A avaliación da práctica clínica consistirá nunha avaliación do grao de adquisición por parte do alumno das competencias a desenvolver neste Prácticum . A cualificación final obterase da recollida dos coñecementos, habilidades e actitudes que cada profesor recollerá nas prácticas supervisadas do seu Servizo.</p> <p>A porcentaxe global de cada Servizo é:</p> <ul style="list-style-type: none">-Quiropodoloxía-Cirurxía (19%)-Patomecánica-Ortopodoloxía (19%)-Servizo Cámara hiperbárica (2%) <p>É necesario superar cada apartado (5/10) da avaliación para superar as prácticas clínicas e a materia.</p> <p>Para a avaliación continua das prácticas clínicas avaliaranse os seguintes ítems nunha ficha individual por alumno/a:</p> <ul style="list-style-type: none">-Capacidade de expresión e comunicación co paciente, compañeiros e resto do persoal.-Co paciente valorarase especialmente a capacidade de expresión e comunicación en todo o proceso de atención clínica, desde a anamnesis ata a prescrición terapéutica-Coñecemento profesional na toma de decisións de exploración, diagnóstico, racionalización das probas complementarias, diagnóstico e manexo terapéutico-Habilidade na utilización de instrumental, material e maquinaria para a aplicación, administración e fabricación de tratamentos-Capacidade de iniciativa, traballo, responsabilidade, organización e planificación-Asistencia, puntualidade, interese e colaboración no traballo.	40
Portafolios do alumno	A49 B1 B12 C3 C4 C6 C7 C8	Avaliaranse todas as actividades individuais ou en grupo que se programaron na planificación e metodoloxía do portafolio. Toda a información relativa á avaliación do portafolio detallareise o día da presentación da materia.	20

Observacións avaliación



Condições a ter en conta para superar o Prácticum 3:1) É obrigatorio asistir ao 100% das prácticas clínicas . O alumnado que falte aínda de forma xustificada a un número de prácticas maior a 8 faltas e aínda que só sexa unha non xustificada suporá un suspenso debendo de matricularse no seguinte curso académico. En calquera caso un número de faltas ás prácticas superior ao 30% suporá automaticamente a cualificación de Non Presentado no conxunto da materia tanto para a primeira como para a segunda oportunidade, debendo de matricularse no seguinte curso académico.

2) Para superar a materia será necesario

aprobar cada un dos apartados da avaliación contínua e exame así como obter unha cualificación global mínima de 5 sobre 10. Os alumnos que non superen a puntuación mínima ou non se presenten ao exame individual na convocatoria de xaneiro terán opción a facelo na convocatoria de xullo. Na avaliación de 2ª oportunidade (mes de xullo) só hai opción ao exame e o portafolio da materia polo que si avaliación continua está suspensa o alumno/a estará suspenso debendo de matricularse no seguinte curso académico.

3) Calquera falta grave de disciplina ou

comportamento cos doentes, compañeiros, profesorado ou persoal da CUP, así como faltas reiteradas ás normas de funcionamento da CUP , do segredo profesional e da lexislación sanitaria vixente , será sometida a avaliación polo claustro de profesorado da materia, previo informe da situación desencadeada, e pode supor o suspenso.

- Falar e permanecer nos corredores ou en recepción. - Utilizar o teléfono móbil durante as prácticas. - escoitar música durante as prácticas. - Realizar fotos ou gravacións con dispositivos que non pertencen á CUP. - Non rexistrar e comprobar os datos da historia clínica, rexistralos na recepción ou non identificar convenientemente ao paciente (por nome e apelidos) ou as tarefas realizadas por cada alumno/a e profesor responsable. - Non recoller ou organizar os gabinetes e salas tras o seu uso. - Dar o alta ou cita a un paciente sen supervisión por parte do docente responsable da atención. - Ausentarse das prácticas sen unha xustificación e comunicación ao profesor responsable da práctica. - Comer ou beber nas instalacións da CUP (só se permite na aula CPI ou cafetería). - Non portar o cartón identificativo, indumentaria de prácticas (píxama e calzado sanitario branco), bolígrafo 4 cores , rotulador permanente, rotulador borrable, luvas de kevlar (ou equivalente), tesoiras multiusos ou lentes, máscara ou máscara de protección. - Non manter un aseo adecuado incluíndo non manter o pelo recolleito ou curto, as uñas cortadas e sen pintar así como portar colares, aneis, pendentes longos ou pulseiras. - Calquera outro incumprimento das normas da CUP (<http://www.udc.es/fep/cup>).

Situacións especiais de avaliación 1) A cualificación de matrícula de honra : dado o seu carácter graciable, concederáse automaticamente ao alumnado que obteña un 10 na cualificación media da materia. De darse o caso de que haxa máis alumnos/as con esa cualificación que matrículas se poidan outorgar pola cota oficial establecido, convocarase a todos os alumnos/as para a realización dunha proba específica de desempate, proba que consistirá en novo exame de características similares ás da proba obxectiva, exame que se fixará en data e hora de acordo cos interesados/as 3 días antes da data de actas.

En caso de non existir ningún alumno/a con cualificación de 10, todo o alumnado



que obteña unha cualificación media superior a 9.0, requisito básico para optar á matrícula de honra, poderán optar á matrícula de honra por acordo do conxunto de docentes da materia naqueles casos que, cumprindo o requisito mínimo, puidesen ser merecedores de matrícula pola aptitude e a actitude mostradas durante o desenvolvemento da materia.

2) Segunda oportunidade: Na 2ª

oportunidade só poderán optar a superar a materia aqueles alumnos/as que superando a avaliación continua non superasen o exame práctico, ou cando o sumatorio total das cualificacións non supere a nota mínima para superar o Prácticum 3 debido á cualificación do Portafolio do alumno/a. Para ambos os supostos no calendario académico quedará fixada unha data para as novas probas de exame práctico e/ou nova entrega de actividades de portafolio.

3) Convocatorias de segunda e posteriores

matrículas : Para aqueles alumnos/as que cursen a materia e realicen as prácticas obrigatorias de forma completa, poden volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só a aquelas partes que non obtivesen unha cualificación mínima de 5 sobre 10. En caso de non realizar a totalidade das prácticas clínicas terá que cursar a totalidade da materia novamente.

4) Conservaranse de forma automática as cualificacións superadas de calquera das metodoloxías dentro das 2 oportunidades da mesma convocatoria.

5) Para os alumnos con matrícula parcial : poderán desenvolver a materia realizando os diferentes conceptos da materia en dous cursos, sempre realizando as prácticas, portafolio e exame do mesmo servizo no mesmo curso. Para iso contarase o primeiro curso en que se curse a materia coa cualificación de N.P. e no segundo coa cualificación calculada de todos os conceptos no momento de realización dos mesmos. Deberán de solicitar e aprobarse esta modalidade de avaliación ao comezo do curso, en caso contrario avaliarase como na modalidade ordinaria

6) Convocatorias da oportunidade adiantada de avaliación : Para aqueles alumnos/as que soliciten a oportunidade adiantada de avaliación, cumpran cos requisitos, concédaselle e cursen e superen as prácticas clínicas (cuxa cualificación suporá o 40% da materia), poderán presentarse á proba obxectiva de carácter práctico clínico cuxa cualificación suporá o 60% da cualificación da materia.

7) Non presentado: aqueles alumnos/as que asistan a menos do 70% das prácticas clínicas da materia a súa cualificación será automaticamente de Non Presentado (para calqueira das oportunidades do curso).

8) Alumnos de mobilidade (Erasmus , SICUE, Bilateral): A cualificación dos alumnos de mobilidade (tanto Erasmus, como SICUE, como Bilateral) realizarase só pola avaliación continua en caso de suspenso poderán recuperar no exame da materia. Estes distribuiranse entre todos os grupos de prácticas.

9)

Mentores ERASMUS e Bilateral: Ao comezo da materia proporase a todos os alumnos que polo menos obtivesen unha cualificación de notable no Prácticum 2 priorizando a aqueles alumnos obtivesen unha maior cualificación no Prácticum 2 e os que en cursos anteriores realizasen unha estancia de mobilidade noutro país. Dita proposta deberá de realizarse por cada alumno que estea interesado en participar como mentor dentro da actividade Moodle onde

voluntariamente cada solicitante achegará unha copia do seu expediente e xustificantes de realizar algunha estancia de mobilidade en cursos anteriores a fin de que sexa valorado polo conxunto de docentes da materia. A participación como mentor sumará ata +0,5 á súa cualificación final da materia.



Fontes de información

Bibliografía básica	<p>Tendo en conta que todos os contidos teórico-prácticos da titulación son relevantes para o exercicio profesional e, polo mesmo motivo, para as prácticas clínicas, as fontes de información básica e recomendadas por todas e cada unha das materias conforman as fontes de información, consulta e estudo durante a realización das prácticas clínicas comprendidas deste Prácticum. No entanto existen determinadas fontes documentais de gran utilidade para a súa consulta clínica diaria e que concretará o profesorado que supervise as prácticas clínicas dos diferentes servizos da CUP. A modo de exemplo citamos:-Buckup K. Pruebas clínicas para patología ósea, articular y muscular. 3ª ed. Barcelona: Elsevier; 2007.-Espinás Boquet J, Vilaseca Canals J. coordinadores. Guía Terapéutica en Atención Primaria (Basada en la selección razonada de medicamentos). 4ª ed. Barcelona: Sociedad Española de Medicina de Familia y Comunitaria; 2010.-Dockery GL. Cutaneous disorders of the lower extremity. 1ª ed. Philadelphia: Saunders; 1997.-Muñoz Calvo B et al, comité editorial. Cliniguía, actualización de diagnóstico y terapéutica. 7ªed. España: EvieScience; 2012.-Straus SE, Scoot Richardson W, Glasziou P, Haynes RB. Medicina Basada en la evidencia. 3ªed. Madrid: Elsevier; 2006.-Tixa S. Atlas de anatomía palpatoria: tomo 2 miembro inferior. 2ª ed. Barcelona: Masson; 2006. -Villa LF. Coordinación. Medimecum, guía de terapia farmacológica. 15ª ed. España: Luis F Villa Alcazar; 2010.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana xeral/750G02001
Anatomía específica do membro inferior/750G02002
Fisioloxía xeral/750G02003
Fisioloxía de sistemas/750G02004
Bioloxía/750G02005
Psicoloxía/750G02006
Microbioloxía e parasitoloxía/750G02007
Patoloxía xeral/750G02008
Farmacoloxía/750G02009
Sistemas de Información e Comunicación en Ciencias da Saude/750G02010
Método científico e Saude Pública/750G02011
Podoloxía xeral/750G02012
Biomecánica do membro inferior/750G02013
Radiodiagnóstico e Radioprotección/750G02014
Podoloxía Preventiva/750G02015
Ortopodoloxía 1/750G02017
Ortopodoloxía 2/750G02018
Ortopodoloxía 3/750G02019
Ortesiología dixital e calzadoterapia/750G02020
Patoloxía Podolóxica 1/750G02021
Patoloxía Podolóxica 2/750G02022
Podoloxía Física/750G02023
Dermatoloxía/750G02026
Quiropodoloxía 1/750G02027
Quiropodoloxía 2/750G02028
Cirugía Podolóxica 1/750G02029
Cirugía Podolóxica 2/750G02030
Técnicas e procedementos en prevención da infección/750G02032
Prácticum 1/750G02033

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Terapéutica farmacolóxica/750G02024

Podoloxía Deportiva/750G02025

Pe de risco/750G02031

Prácticum 2/750G02034

Materias que continúan o temario

Observacións

O Prácticum consiste na aplicación dos coñecementos teóricos adquiridos nas diferentes materias do título á práctica clínica, garantindo así un proceso integral de atención podolóxica ao paciente que inclúa todos os aspectos clínicos, documentais e legais. Por iso, todos os contidos teóricos e teórico-prácticos da titulación impartidos son relevantes para a práctica clínica e de obrigado coñecemento, feito que debe ser tido en conta polo alumno que cursa a materia a efectos de que o seu coñecemento e actualización serán elementais para poder desenvolver as prácticas clínicas e garantir a adquisición das competencias, formando parte da avaliación continua e final da práctica clínica. Recoméndase ter coñecementos de inglés.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías